



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06
C.I.F.: P-1502200-G

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA VINTECATRO DE AGOSTO DE 2011.

PRESIDENTE

Excmo. Sr. D. Leopoldo Rubido Ramonde

CONCELLEIROS

Don Alfredo Vilela Santalla
Don Luis Rubido Ramonde
Don Pablo Luis Nebriil López
Don Juan Carlos Romero Beceiro

AUSENTES:

SECRETARIA:

Dona M^a Cristina Varela García

INTERVENTOR:

Don Jorge Manuel Vidal Zapatero

ARQUITECTA MUNICIPAL:

Dona M^a Belén Lamas Pardo

ARQUITECTO TÉCNICO:

Don Agustín Martínez Docanto

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás trece horas e doce minutos do día vinte catro de agosto de dous mil once, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. concelleiros/as que se relacionan á marxe, actuando como Secretaria a titular da Corporación dona M^a Cristina Varela García, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DO 10.08.2011.

A Secretaria explica que se detectou un erro de transcripción na acta da Xunta de Goberno Local do vintenove de xuño de dous mil once, no punto 9.2, de xeito que onde di:

"(...)Primeiro.- Conceder á Comunidade de Propietarios do o vao solicitado para a entrada de vehículos no baixo sito na rúa con capacidade para 18 vehículos, previo abono das taxas correspondentes."

Debe dicir:

"(...)Primeiro.- Conceder á Comunidade de Propietarios o vao solicitado para a entrada de vehículos no baixo sito na rúa con capacidade para 18 vehículos na planta sótano nº 1 e 39 vehículos na planta sótano nº 2, previo abono das taxas correspondentes."

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a dita corrección.



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

Cedeira, 23 de agosto de 2011

O interventor

Jorge Vidal Zapatero"

Tendo en conta os antecedentes previos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o Padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ó exercicio 2010, segundo a listaxe que se achega, e que incorpora as exclusións e cambios que se sinalan no presente informe, e que consta de 5.471 recibos por unha contía de 328.552,78 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesouraría municipais.

5.- CONTRATACIONES

Non hai asuntos.

6.- ESCRITOS VARIOS

6.1. DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE FERROL (P.A. 15/2010)

O 17 de agosto de 2011 (rex. de entrada nº 4820) recibíuse neste Concello a a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo único de Ferrol, de data 24 de xuño de 2011, referente ao Procedemento Abreviado 0015/2010, co seguinte fallo:

"(...) Que desestimando el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la Procuradora , en nombre y representación de , contra la Resolución de fecha 26 de octubre de 2009, dictada por el Alcalde de Cedeira, por la que se desestima el recurso de reposición interpuesto por el demandante contra la resolución dictada por el Alcalde de Cedeira de fecha 30 de marzo de 2009, debo declarar y declaro la conformidad a Derecho de los actos administrativos recurridos, que, por tanto, debo confirmar. Sin hacer especial pronunciamiento respecto a las costas procesales causadas."

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

6.2.- DAR CONTA DA AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS VODAS CELTAS "LUGNASAD" NO TERMO MUNICIPAL DE CEDEIRA



CONCELLO DE CEDEIRA (A CORUÑA)

Teléfono: 981 48 00 00 - Fax: 981 48 25 06

C.I.F.: P-1502200-G

O 5 de agosto de 2011 (rex. de saída nº 2533) o Concello de Cedeira solicitou autorización á Demarcación de Costas en Galicia de ocupación de dominio público marítimo-terrestre para a celebración de vodas celtas "LUGNASAD", o 26 e 27 de agosto de 2011.

O 22 de agosto de 2011 (rex. de entrada nº 4861) recibíuse neste Concello autorización da Demarcación de Costas en Galicia de ocupación do espazo público solicitado.

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás trece horas e cincuenta e cinco minutos do expresado día, estendéndose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.